CA1.6 - Coñecer e interpretar os comportamentos demográficos da poboación, os cambios que experimentou e os seus ciclos, identificando e analizando os principais problemas e retos aos que nos enfrontamos no mundo e en España e Galicia.	Produce un texto escrito sobre os comportamentos demográficos da poboación, e os seus retos no mundo, na Unión Europea, en España e en Galicia.	PE	70
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Produce un texto escrito cos problemas da desigualdade da riqueza e da súa redución.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Produce un texto escrito sobre a diversidade que se produce coas migracións.		
CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigacións en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	Produce un texto escrito no que se toma conciencia da desigualdade de xénero e das desigualdades na infancia e na velez.		
CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Identifica as crises humanitarias.	TI	30
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Completa tarefas indicadas na aula, no seu caderno, sobre problemas de actualidade relacionados cos desafíos demográficos do século XXI e a desigualdade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Valora a diversidade social e cultural das sociedades multiculturais.		
CA1.7 - Interpretar desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e da cidadanía global os principais desafíos do mundo actual, expresando a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalos desde a súa capacidade de acción tanto local como global, valorando a contribución do Estado, as súas institucións e as asociacións civís en programas e misións dirixidos por organismos nacionais e internacionais para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos.	Interpreta a pirámide de poboación española.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Contribúe á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable a partir da análise de gráficos para o Obxectivo de Desenvolvemento Sustentable 10 (Resolución das Desigualdades).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desafíos demográficos no mundo actual. Causalidade e comparación no estudo da diversidade social e cultural e das estruturas demográficas en distintas escalas: da global á local. Dinámica demográfica de Galicia. - Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións. - Concentración e distribución da riqueza. Formas e modos de percibir e representar a desigualdade. Liñas de acción para unha repartición xusta. A cuestión do mínimo vital. - Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura. - Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global. - Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios. - Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social. - Identificación e xestión das emocións e a súa repercusión en comportamentos individuais e colectivos.

UD	Título da UD	Duración
6	Un mundo cada vez máis urbano e a cooperación para a paz	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Produce un texto escrito no que identifica a preocupación por soste o mundo rural.	PE	70
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Produce un texto escrito sobre o grao de sustentabilidade do espazo urbano, co súa situación, función. xerarquía e retos.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Produce un texto escrito sobre os elementos da paz e da cooperación para a paz.		
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Completa tarefas indicadas na aula, no seu caderno, sobre problemas de actualidade relacionados cun mundo cada vez máis urbano e a cooperación para a paz.	TI	30
CA1.4 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Argumenta a necesidade de defensa dos lugares máis emblemáticos dunha cidade a partir da utilización práctica dun mapa turístico.		
CA1.7 - Interpretar desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e da cidadanía global os principais desafíos do mundo actual, expresando a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalos desde a súa capacidade de acción tanto local como global, valorando a contribución do Estado, as súas institucións e as asociacións civís en programas e misións dirixidos por organismos nacionais e internacionais para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos.	Interpreta, nun debate oral, o texto fundacional da Carta das Nacións Unidas.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Identifica, valora e mostra interese polas smart cities na búsqueda da sostibilidade do planeta.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Contribúe á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable a partir dun traballo sobre a disputa polos recursos naturais do Ártico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desafíos demográficos no mundo actual. Causalidade e comparación no estudo da diversidade social e cultural e das estruturas demográficas en distintas escalas: da global á local. Dinámica demográfica de Galicia. - Aglomeracións urbanas e ruralidade. O despoboamento e o sostemento do mundo rural. O desenvolvemento urbano sustentable: a cidade, o espazo de convivencia. Modos e estilos de vida no contexto da globalización. - Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións. - Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura. - A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social. - Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global. - As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación. - Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios. - Identificación e xestión das emocións e a súa repercusión en comportamentos individuais e colectivos. - Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación metodolóxica no proceso de ensino e aprendizaxe da materia de Xeografía e Historia que permitan o logro dos obxectivos e unha adecuada adquisición das competencias poden xirar sobre as seguintes propostas.

Trátase de que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo permitindo relacionalos entre si e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente.

A organización dos saberes de xeografía e historia, a súa programación e secuenciación poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou máis transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha

perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial para poder traballalos dun xeito operativo, práctico e comprensible.

O papel estrutural dos procesos e contidos diversos, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, confire a esta materia un papel central á hora de establecer estratexias interdisciplinares como o traballo por proxectos incluso ao longo dos catro cursos da etapa, isto permitirá que o alumnado perciba a aprendizaxe dende unha perspectiva conxunta, relacional e global evitando unha visión compartimentada das materias.

O interese aumentará ao ver a aplicación das aprendizaxes, polo tanto, é conveniente contextualizalas e conectalas cos problemas actuais e retos do presente, dende unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, xa que facilita dotar aos contidos de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado e permite crear escenarios diversos nos que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais para ir propiciando que vaian participando e comprometéndose coa contorna e a comunidade.

O desenvolvemento das competencias son o eixe vertebrador da didáctica docente, por tal motivo, o enfoque metodolóxico das clases debe ser eminentemente práctico e activo poñendo ao alumnado no reto de resolver as tarefas que se lle propoñen seguindo a máxima de que se aprende facendo. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumnado adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalas para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxes, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. Isto favorecerá a motivación e a participación activa do alumnado e detectar os progresos individuais e grupais sen fixarse só nos resultados. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Diversificar metodoloxías, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar as dificultades de aprendizaxe que aparezan e, se fora o caso, poñer en práctica os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...)

Tamén é conveniente o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.

O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas.... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Material audiovisual
Mapas xeográficos ou históricos
Material funxible
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado
Aula Virtual do centro

Combinaranse os materiais e recursos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

-Realización de probas e actividades individuais para comprobar os coñecementos sobre a materia e o nivel competencial. Cumpre unha dobre función, diagnosticar e motivar. Realizarase en diferentes momentos:

- Ao inicio do curso, para considerar o nivel competencial inicial do alumnado, e detectar posibles NEAE,.
- Ao inicio de cada unidade durante a primeira sesión para diagnosticar o nivel de coñecementos dos contidos da unidade.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	16	17	17	16	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

-70% PARTE TEÓRICA: un exame ao final de cada unidade.

-30% PARTE PRÁCTICA:

10% Traballo diario na aula. O procedemento de avaliación será a observación na aula e o instrumento de avaliación o caderno do profesor;

20% Traballos individuais ou grupais por unidade. O procedemento de avaliación sera a recollida de traballos na data sinalada polo profesor e os instrumentos de avaliación as rúbricas e listas de cotaxe;

-A NOTA MEDIA DE CADA TRIMESTRE resultará da media aritmética da notas de cada unidade.

-A NOTA FINAL DO CURSO resultará da media aritmética das notas fiais de cada un dos tres trimestres. $[1^{\circ} \text{ trimestre} + 2^{\circ} \text{ trimestre} + 3^{\circ} \text{ trimestre} / 3]$

Unha vez realizadas as operacións aplicarase o REDONDEO, cando o decimal é igual ou superior a 6 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior.

Penalizaranse con cualificación de 0 as PRÁCTICAS DESHONESTAS á hora de realizar as probas escritas (copiar con chuletas, empregar o teléfono móbil ou calquera outro dispositivo de almacenamento de datos non permitido, molestar ou falar cos compañeiros/as ou amosar unha conduta disruptiva durante a proba, dicir en alto as respostas ás preguntas da proba, etc.). De igual xeito, o alumnado debe comprometerse coa realización propia dos traballos e actividades que se lle pidan, penalizándose cunha cualificación negativa aqueles traballos copiados ou parafraseados dos compañeiros/as ou directamente non realizados por eles, por iso han de poder demostrar de forma oral a autoría propia das súas tarefas demostrando que fixeron e entenderon o que presentan por escrito.

Criterios de recuperación:

-RECUPERACIÓN ORDINARIA: Unha proba por trimestre da parte teórica a volta do periodo de vacacións, excepto na terceira avaliación.

-RECUPERACIÓN FINAL: Durante o mes de xuño realizarase unha proba final cos contidos que non foron superados polo alumnado durante o curso e nas correspondentes recuperacións ordinarias.

-A NOTA FINAL será resultado da media aritmética da proba de recuperación. Se o alumnado ten algunha avaliación

superada, a nota resultará da media das partes aprobadas e recuperadas nos diferentes procedementos.

En todos os casos, unha vez realizadas as operacións aplicarase o REDONDEO, tal e como se explica no apartado anterior, cando o decimal é igual ou superior a 6 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior.

De igual modo, penalizaranse con cualificación de 0 as PRÁCTICAS DESHONESTAS á hora de realizar as probas escritas (copiar con chuletas, empregar o teléfono móbil ou calquera outro dispositivo de almacenamento de datos non permitido, molestar ou falar cos compañeiros/as ou amosar unha conduta disruptiva durante a proba, dicir en alto as respostas ás preguntas da proba, etc.).

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao principio do curso os profesores informarán ao alumnado coa materia pendente de como poderán recuperala. Tanto para os pendentes da ESO, como para os de Bacharelato, o profesorado do Departamento de Xeografía e Historia estará á súa disposición para aclarar dúbidas.

O alumnado coa materia pendente terá que realizar unha serie de exercicios de cada unidade didáctica, dun cartafol entregado polo profesor, que serán entregados antes de cada proba escrita, nunha data previamente establecida. En cada trimestre haberá unha proba escrita a partir dos mesmos exercicios presentados feitos polo alumnado.

Cada unha das tres avaliacións terá unha cualificación que será 1/3 da nota final, a partir dos seguintes criterios de cualificación:

- O 30% da nota se dedicará á valoración do traballo do alumnado a partir dos exercicios establecidos.
- O 70% da nota será para valorar os exames. En calquera caso, o comportamento desleal na realización dun traballo ou dun exame (copiar, cambiar os folios do exame, recibir información por medios externos, ou calquera método desleal) será puntuado cun 0.

Considérase que un alumno acada os obxectivos marcados na materia para a súa promoción cando consegue unha nota mínima dun 5 na avaliación ordinaria. Esta nota obterase do cálculo da media aritmética das tres avaliacións.

En caso de non acadar a avaliación positiva, o profesorado realizará unha proba escrita durante o mes de maio, onde o alumnado deberá acadar unha nota mínima dun 5 para superar a materia pendente.

6. Medidas de atención á diversidade

As primeiras medidas de atención a diversidade propoñeranse unha vez realizada a avaliación inicial.

Calquera medida adoptada, tanto significativa como non significativa, aplicarase seguindo os Protocolos facilitados pola Consellería de Educación e e baixo a coordinación do Departamento de Xeografía e Historia e o Departamento de Orientación do centro.

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

- Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerllo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotívase máis.

- Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaía no seu esforzo.

Plantexaranse medidas de reforzo tanto para o alumnado avantaxado como para o que teña dificultades, de acordo coas súas necesidades concretas. En función destas, adaptaremos a metodoloxía (traballo cooperativo, reforzo individual...) de forma que o docente poida atender a ritmos, capacidades e niveis diferentes, favorecendo así que o alumnado acade un nivel mínimo nas súas capacidades lingüísticas e sociais. O material a empregar pode ser unha adaptación do libro de texto seleccionando contidos e tarefas ou un caderno de traballo cos contidos adaptados elaborado polo docente co asesoramento do Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación ambiental	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais serán traballados en todas as unidades

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída do centro	De xurdir a posibilidade, aquelas que axudasen á comprensión da materia	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realización de avaliación inicial
Temporalización das unidades e dos contidos
Avaliación das aprendizaxes: segundo os criterios de avaliación da programación

Valoración da materia: 1. Os obxectivos están ben formulados. 2. A selección e temporalización dos contidos é axeitada. 3. Os criterios de avaliación e cualificación son claros. 4. Empréganse diferentes instrumentos de avaliación
Metodoloxía empregada
A práctica docente é innovadora
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Exposición da información
Medidas de atención á diversidade
Eficacia das actividades e recursos
Clima de traballo na aula
Estratexias de motivación do alumnado
Interacción co alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Diversidade de recursos

Descrición:

O docente tamén pode avaliar os resultados das estratexias e medidas educativas que adoptou ao longo da súa práctica educativa para facilitar que o alumnado acade os obxectivos e competencias establecidas.

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continua. A avaliación docente terá, ao mesmo tempo, como obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado.

Os obxectivos e criterios de avaliación permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno ou alumna individual ou ao conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a practica educativa ás necesidades específicas dos alumnado.

Como ferramenta auxiliar para reflexionar e valorar a actividade docente temos unha rúbrica da práctica docente na que se valoran os seguintes aspectos:

- Realización da avaliación inicial.
- Temporalización das unidades e dos contidos. Planificación das unidades didácticas ao longo do curso e temporalización dos contidos que se deben abordar en cada unidade.
- Exposición da información. Claridade nas explicacións docentes, cunha recepción e cunha interacción adecuada co alumnado para comprobar a asimilación das informacións transmitidas.
- Eficacia das actividades e recursos. Elección e uso adecuados das actividades e recursos empregados para a consecución dos obxectivos didácticos e dos criterios de Avaliación formulados.
- Diversidade de recursos. Uso de gran diversidade de recursos e materiais, incluíndo as TIC e o uso educativo dos medios de comunicación, para fomentar unha aprendizaxe ampla e unha boa motivación do alumnado.
- Estratexias de motivación do alumnado. Elaboración de propostas que animen o alumnado a desenvolver as súas capacidades en función dos seus propios intereses e a manter o interese e o esforzo durante a súa aprendizaxe.
- Interacción co alumnado. Relación fluída do docente co alumnado favorecendo con isto o desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
- Avaliación das aprendizaxes. Avaliación dos Contidos e dos obxectivos adquiridos.
- Práctica docente innovadora.
- Valoración da materia.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, obxectivos e competencias, coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens, por unidades didácticas, a partir dos requisitos solicitados en Proens. A información máis significativa tamén será recollida nas actas de reunión do Departamento de Xeografía e Historia.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade, que permitan ao alumnado lograr os obxectivos e as competencias.

9. Outros apartados